

## MANIFESTO DÍA DA INFANCIA 2022

Un ano máis reunímonos para celebrar o 20 de novembro, Día Internacional dos Dereitos da Infancia e Adolescencia. Nesta data rememórase a firma da Convención sobre os Dereitos do Neno das Nacións Unidas, a cal supuxo un fito ao establecer os dereitos inalienables de todos os nenos, nenas e adolescentes, pero tamén as obrigacións dos poderes públicos e da sociedade en conxunto para garantilos.

O pasado mes de outubro, a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, xuntou por segunda vez a nenos e nenas do seu grupo de Participación Infantil e Adolescente do cal forman parte representantes dos nenos e nenas das entidades membro da plataforma.

Neste día, queremos unir a nosa voz ás súas e trasladar as opinións que nós, os mozos e mozas de Galicia temos para compartir.

Como todas sabemos, unha das temáticas que máis nos afecta segue a ser o tema da educación, no cal podemos destacar a desmotivación xeneralizada que existe na xuventude por ir a clase. Esta falta de ilusión, non ven do baleiro, senón da pouca practicidade das clases que recibimos para a nosa vida. Un ano máis, insistimos na importancia de clases máis prácticas e aplicables á vida adulta

Queremos insistir na importancia de que as políticas e propostas que se leven a cabo, escoiten e valoren a opinión dos mozos e mozas, e que as propostas que se fan sobre a mellora da educación, non se queden en palabras baleiras que non se chegan a levar a cabo.

Tamén queremos falar do bo trato e a non discriminación, dereitos dos cales se fixeron eco en numerosas ocasións os medios de comunicación este último ano. Destacamos a importancia da sensibilización á xente nova para evitar as discriminacións co seu grupo de iguais de igual forma que con todas as persoas.

E necesario visibilizar, sensibilizar e normalizar as diferentes realidades para ver como se rompen tabúes. Cantas máis persoas falan e visibilizan un tema, máis se normaliza e se abre a xente a aceptalos.

Sinalamos a importancia de escoitar e respectar tódalas opinións, xa que en algún momento tódalas persoas podemos equivocarnos ou opinar diferente aos demais, pero o respecto sempre ten que estar presente.

Gustaríanos destacar a reflexión dunha das participantes do Grupo de Participación Infantil e Adolescente da POIG, a cal sinala: *“Vivimos nunha sociedade moi estraña, onde criticamos ás persoas que non son “normais” pero ao final ninguén pode dicir que sexa “normal” xa que tódalas persoas somos diferentes”.*

Non queremos perder este día para falar da familia, da importancia de ter un círculo de apoio seguro. Facemos fincapé na importancia de que se respecten as nosas opinións máis alá da nosa idade. Dentro das familias pode haber desacordos, pero tódalas persoas independentemente da nosa idade, debemos ter un espazo para trasladar os

nosos argumentos, as nosas opini3ns, e deben ser escoitadas e tidas en conta. *“Os adultos deben ser flexibles, e valorar as nosas palabras para poder chegar a acordos con n3s”*. Sexamos menores ou persoas adultas, debemos ser empáticos e tratar de comprender.

Un debate que se debe abrir é a idade de voto. Unha persoa que n3s non escollemos de ningún xeito, e que non ten que dar contas fronte á infancia e xuventude, non pode asegurarnos que vaia defender os nosos intereses. Sabemos que non é un debate fácil, no que esteamos todas as persoas de acordo, pero ten que falarse e darse máis espazo ás nosas opini3ns.

Por último, mostramos a nosa desconformidade coa xestión habitual que se realiza dende os poderes públicos das cuestión referidas á infancia, nas cales non nos sentimos representados: *“Por que celebramos os actos relacionados coa Infancia ou co Día da Infancia pola mañá? Se n3s somos os protagonistas, deberían facerse en horarios nos que n3s poidamos acudir, non cando temos clase”*.

Os nenos, nenas e adolescentes somos persoas de pleno dereito, que o único que precisamos para ter unhas opini3ns formadas e completas da realidade é que as persoas adultas facilitedes espazos para debater, escoitar opini3ns e realidades diferentes, e ter á nosa disposición información veraz e adaptada.

Para rematar, queremos recordaros o lema deste ano da Plataforma de Organizaci3ns de Infancia, o que n3s merecemos e defendemos hoxe: *“Participamos, porque é o noso dereito!”*.

Grazas.

CDR O Viso

A Limia, 15 de novembro de 2022